



DECRETO DA ALCALDÍA

Expediente núm.: 2024/G010/000004

Expediente núm.: 2024/G003/000427

Asunto: convocatoria sesión ordinaria Concello Pleno

A Corporación municipal, na sesión extraordinaria celebrada o día 13 de xullo de 2023, aprobou a fixación e periodicidade das sesións ordinarias plenarias, que deberán celebrarse cada dous meses, o cuarto venres dos meses impares, ás 21:00 horas (nove da noite).

Enterado da relación de expedientes.

Dende hoxe ten á súa disposición na secretaría xeral os antecedentes de que dispoña esta funcionaria relacionados cos asuntos que figuran na orde do día.

RESOLVO

Primeiro.- Convocar a **SESIÓN ORDINARIA do CONCELLO PLENO** o día **22 DE MARZO DE 2024 (VENRES)**, ás **21:00 horas (nove da noite)**, en primeira convocatoria, a celebrar no **SALÓN DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO**, coa seguinte

ORDE DO DÍA

1 PARTE RESOLUTIVA

1.1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES:

- ORDINARIA: núm. 2024/02, do 26 de xaneiro de 2024.
- EXTRAORDINARIA E URXENTE: núm. 2024/03, do 8 de febreiro de 2024.

A/s acta/s incluída/s no presente punto para a súa aprobación será/n achegada/s xunto coa presente convocatoria.

1.2.- PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL. Expediente núm.: 2022/X999/000111. Asunto: Aprobación proxecto modificado da obra *Mejora de viales y saneamiento en lugar de Guisande*, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos). (Plan único de concellos) POS+ 2022. Anualidade 2022 (Plan Único de concellos) POS+22 AD2 1F, co código de obra 2022.2102.0452.0

1.3.- EXPEDIENTE: 2024/G003/000314.

PROCEDEMENTO: Recoñecemento Extraxudicial de Créditos 1/2024 (Pleno)

ASUNTO: PROPOSTA DE ALCALDÍA RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS 1/2024-CONCELLO PLENO.

1.4.- PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL. Expte núm.: 2022/G013/000003. Asunto: rectificación erro material no acordo de aprobación inicial da Ordenanza municipal reguladora da administración electrónica do Concello de Santa Comba

1.5.- PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL. Expediente núm.: 2023/A008/000041. Asunto: Aprobación convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Santa Comba para o desenvolvemento do programa "Xantar na Casa" no Concello de Santa Comba

1.6.-PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL. Asunto: Aprobación da emenda (POS+AD1- GASTOS SOCIAIS) Solicitud para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024



<p>1.7.-PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL</p> <p>Expediente decreto: 2024/G003/000425</p> <p>Asunto: ratificación decreto da alcaldía núm. 390/2024, do 19 de marzo, co asunto: APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE A BAÑA, NEGREIRA, SANTA COMBA E VAL DO DUBRA PARA A XESTIÓN DE SERVIZOS COMPARTIDOS AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO 2024.</p>
<p>1.8.- PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL</p> <p>Expediente decreto: 2024/G003/000426</p> <p>Asunto: ratificación decreto da alcaldía núm. 391/2024, do 19 de marzo, co asunto: APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE SANTA COMBA, A BAÑA, NEGREIRA E VAL DO DUBRA PARA A XESTIÓN DE SERVIZOS COMPARTIDOS AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA PROGRAMAS DE EMPREGO PARA PERSOAS MOZAS, ANOS 2024-2025.</p>
<p>1.9.- MOCIÓNS</p>
<p>PARTE DE CONTROL (Non Resolutiva)</p> <p>2.1.- MOCIÓNS</p> <p>2.2.- DAR CONTA DECRETOS DE ALCALDÍA: 60/2024, do 15 de xaneiro de 2024 ao 351/2024 do 8 de marzo de 2024 (ambos inclusive); ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIAS: núm. 2024/02, do 23 de xaneiro de 2024, núm. 2024/03 do 13 de febreiro de 2024, núm. 2024/04 do 27 de febreiro de 2024, núm. 2024/05 do 12 de marzo de 2024.</p> <p>2.3.- ROGOS E PREGUNTAS</p>

De acordo co artigo 90 do ROF, no caso de non existir quórum suficiente en primeira convocatoria (un tercio do número legal de membros da corporación), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días máis tarde.

Segundo.- Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros da Corporación municipal, que deseguido se relacionan, quedando notificado/s coa sinatura/remisión do presente escrito, así como do recibo da/s acta/s da/s sesión/s do Concello Pleno para a súa aprobación:

NOME E APELIDOS	GRUPO POLÍTICO	TIPO NOTIFICACIÓN
ALBERTO ROMAR LANDEIRA	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
NOELIA BALEATO TOJA	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
PATRICIA VAL ANTELO	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
ESTEFANÍA CALVELO MUÑIZ	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
PABLO NEGREIRA SOUTO	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO



CARLOS TURNES ROMERO	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
MARÍA SALOMÉ BUSTELO LÓPEZ	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
MARÍA JOSEFA POSE RODRÍGUEZ	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
JUAN JOSÉ LÓPEZ MUÑOZ	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
JOSEFA MARÍA CALVO VILAR	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
SILVIA CANCELA BLANCO	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
FERNANDO BAÑA DOMÍNGUEZ	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
ANDY GARCÍA PEREIRA	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL

Esta resolución notificarase en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:

Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:

a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interporse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a súa resolución presunta. No caso de interporse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.

c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Santa Comba, na data da sinatura electrónica.



O alcalde

Alberto Romar Landeira

Dou fe, a secretaria xeral

Cristina Alonso Losada